



Parlamento das Letras: Xavier Queipo

Publicado o [18/07/2012](#)

Xavier Queipo é un tétido literario. O seu é a escrita cromatófora, a camuflaxe pola tinta que ronseliza libro tras libro e que se serve dun desenvolvido hipónimo xenérico co que igual dá en frecuentar as augas narrativas (moi do seu pracer) ca en singlar baías poéticas ou bordear as costas esgrevias do ensaio (tamén si da súa especial dilección).

Santiagués por nacemento, bruxelés por residencia e cosmopolita con raiceira por querenza devociona a escrita líquida, errabunda e aventureira, co que non debe estrañar que goce pulando por riba das caducas alfándegas que mal quixeron no pasado partillar realismos, ensaísmos literarios e ficcións científicas. De resultas, os seus libros foron nacemento avoltos de intrigas enleadas con evocacións líricas, saberes orientalizantes, navegacións heroicas e descubrimentos de novos mundos, no persoal e no colectivo, na res íntima e na res pública.

Tradutor consumado, colaborador entregue de prensa e radio e pensador inconformista, este soñador de palabras é calquera cousa menos predicible. A vertixe dun tifón literario señoreando as augas que aquí deitan.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro texto publicado foi *Ártico*, que apareceu en Edicións Positivas, en decembro de 1990. Tiven a sorte de recibir por ese traballo o Premio da Asociación de Críticos españois en 1991, na modalidade de Narrativa en galego. Eu vivía no estranxeiro e souben do premio pola prensa, no avión que me levaba de regreso a Bruxelas. Sentín un pracer especial, mais a sensación estraña de non o poder celebrar con ninguén dos meus. Ninguén me chamou para me felicitar, ninguén chamou para concertar unha entrevista e daquela decidín gardar silencio, o que se prolongou por dez anos, que se di pronto, ata que Diego Ameixeiras (cando era só un xornalista e non o escritor de mérito que agora é) me entrevistou para a sección galega de *El Mundo*. Aí comezou a miña vida pública como escritor.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non me podo queixar, aínda que sufrín o desinterese xeral por algunhas obras que eu considero de mérito como *Malaria Sentimental*, *O ladrón de esperma* ou *Dragona*, que coido que merecían, cada unha por si, un trato máis amábel. De todos xeitos, o do trato desigual habería que llo preguntar aos críticos. Coido que fun ben tratado en xeral, particularmente por Xesús González Gómez, cando aínda facía crítica literaria para *A Nosa Terra*; XGG soubo entender a heterodoxia

dos meus textos e de certo, probabelmente sen el sabelo, animoume a continuar escribindo. Os meus libros afastáanse dos camiños trazados e das prosas mastigadas para adolescentes ou lectores pouco comprometidos (que son os que máis se vendían e se venden por razón do ensino) e daquela mellor centrar a atención noutros traballos dos que “crean lectores” (unha trampa, supoño, mais non me corresponde a min dicilo).

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Manías poucas, se falamos da escrita. Xa escribín nalgures que eu podo escribir nos avións, nos trens, nunha travesía do Atlántico ou na soidade do meu escritorio en Bruxelas ou en Vigo. Non teño un lugar sagrado para me concentrar, nin preciso a visión do mar ou a tranquilidade do campo. Adoito escribir con música de jazz de fondo, mais vai un pouco coas épocas e as estacións. Constatei que no mes de febreiro é cando escribo poesía, mais sen que eu saiba a razón específica.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Pois nunca o pensei devagar, porque desconfío do carácter restritivo e inxusto das antoloxías, así como dos criterios que se adoitan para xustificar a escolla (e, por tanto, o rexeitamento ou non inclusión). Expliqueino, coido que con detalle, en “A escolla entrópica”, prólogo de *Poets gallegs d’avui*, onde actuei de antólogo xunto con Fátima Rodríguez, da Universidade de Brest. Supoño que falamos de autores galegos. Non darei, por tanto, nomes, pois a lista sería longa e ao mesmo tempo inxusta, xa que non incluíría os autores que aínda non lin. Podo dicir que hai unha vintena de autores galegos vivos que me interesan (de narrativa, poesía e ensaio, non tendo explorado os textos teatrais para a miña vergoña, neste caso indisimulada). Estabelecería, si, un par de parámetros que considero necesarios para calquera antoloxía; un positivo: o diacrónico ou interxeracional e outro negativo: non procuraría necesariamente a paridade de sexo, por anacrónica.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Non vexo unha traxectoria lineal nin unha serie de etapas como se se tratase das metamorfoses dun insecto. É máis, detesto ese paternalismo /maternalismo que amosan algúns críticos que falan de chanzos, etapas ou evolución. Intento facer de cada libro unha novidade, non me repetir como aqueles que atopan a fórmula maxistral (romántica-cursi, policial, chusca, artúrica) e daquela persisten no empeño e en entregar versións do mesmo produto (simplemente porque obtiveron certa sona ou resultados económicos de mérito). Para min, eses non son escritores senón amanuenses ou escribidores por encargo. Non me interesan. Son consciente de ter certas teimas e un estilo recoñecíbel, mais adoito intentar (polo menos intentar) ofrecer manifestacións artísticas diferenciadas. Por iso mudo ou mesturo xéneros e tantas veces linguas, escribo novelas de amor e de aventuras mariñas, mais tamén novelas colaxe ou poemas inventario, contos con varios finais posíbeis ou contos que se poden ler en bucle, comezando por calquera parágrafo, microcontos ou poemas glosario, haikus ou diarios, cadernos de bitácora ou performances narrativo-musicais, diálogos absurdos ou limiares que melloran o contido do libro. Ultimamente aínda escribín un par de cancións.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Difícil mentir, pois os trazos están aí. Difícil saber tamén canto, como, cando e de que maneira inflúen. Certo que a lista non se modificou moito nos últimos anos, malia andar agora con Proust, como antes foron Ionesco, Beckett, Maalouf ou Camus. Citarei unha ducia longa: Alejo

Carpentier e Álvaro Cunqueiro, Severo Sarduy e Paul Auster, Hermann Melville e Italo Calvino, Borges e Shakespeare, Carlos Fuentes e Mújica Laínez, Conrad e Cortázar, Lezama Lima e Haruki Murakami, Vila-Matas e Manuel Antonio. Podería seguir e de certo que non esquecerei a Xerónimo Feixóo e Montenegro, mestre recoñecido.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalle proxección internacional, pois por desgraza moitas traducións teñen que pasar antes polo castelán e os editores en castelán non están polo labor de procurar talento nos escritores galegos cando teñen milleiros de escritores que escriben directamente en español, sexa con corda arxentina, mexicana ou colombiana, hoxe entre as mellores do panorama en castelán. Poderase falar das fabas contadas dos escritores galegos contemporáneos que acadaron unha certa sona nas letras hispánicas, mais non hai que esquecer que para iso tiveron que pasar polas “horcas caudinas” e traballar de mercenarios na lingua do Imperio. Cadaquén coas súas opcións, mais non se poñan como exemplo.

O que sobra é esa ollada umbilical que todos os sistemas literarios pequenos en lectores teñen. Hai que arriscar e tirar para adiante. Se os islandeses con tantos habitantes como Vigo tiveron un Premio Nobel, nós tamén podemos, mais para iso é necesario saír fóra, abrir as fronteiras e dicir en galego o que pasa no mundo, non soamente no noso país, aínda que tamén, por suposto, mais tamén no noso interior e nas nosas interaccións...

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

O que estou escribindo agora, que tanto traballo me está levando. Detesto as obras póstumas, esas inacabadas, sexan dun heroe local ou dunha bomba editorial chegada dos EEUU.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

O máis importante é que temos futuro, que hai escritores novos que escriben marabillosamente, que os lectores irán chegando coa calidade e a eliminación progresiva desa escrita antropolóxico-cultural que tivo o seu momento, mais que agora xa comeza a facer dano, coa renovación nas institucións (tan necesaria) e coa fin da cultura dos escritores mortos. Hai que celebrar os escritores vivos, darlles a oportunidade de espallar as letras galegas por todos e cada un dos recunchos do país e polo mundo adiante, polas academias e os departamentos de literatura. Non hai que ter medo, patrimonio da dereita inmobilista. Hai que arriscar, que tirar para adiante, que facer agromar cen mil flores e milleiros de obras e pensamentos novos.

Contamos, xa dixeran, coa nosa capacidade de traballo, chámese resistencia e capacidade de persistir, de reproducirse, de perdurar no tempo e, de sempre, cunha forza interior invencíbel.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Coido que xa contei o fundamental. Se cadra debería ter sido máis diplomático e menos explícito, mais eu son tardo en madurar. Unha mensaxe fina: deixar de escribir, nunca. Está en xogo a lingua e a cultura do país.